



INSTRUCCIÓN 2/2013 DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, DO 14 DE XUÑO, SOBRE FUNCIONAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES DE XESTIÓN INDIRECTA NO CURSO ESCOLAR 2013-2014

1. Ámbito de aplicación	2
2. Previsións e actuacións a desenvolver antes da entrada en vigor do novo Decreto polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería que ostenta as competencias en materia de educación.....	2
2.1 Funcións de dirección, atención e colaboración.....	2
2.2 Complementos e compensacións económicas vinculadas á atención do comedor escolar.....	4
2.3 Número de prazas de comedor autorizadas.....	4
2.4. Contratación do servizo de comedor escolar no curso 2013-2014.....	4
2.5 Selección e admisión de usuarios	6
3. Previsións e actuacións a desenvolver despois da entrada en vigor do novo Decreto polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería que ostenta as competencias en materia de educación.....	7
3.1 Procedemento de autodeclaración dos prezos privados pola utilización do comedor escolar.....	7
3.2 Estrutura e características dos prezos privados de comedor escolar	9
3.2.1 Suxeitos obrigados ao pagamento dos prezos privados	9
3.2.2 Contía dos prezos privados.....	9
3.2.3. Bonificacións dos prezos privados	10
3.2.4. Usuarios gratuítos do servizo	11
3.2.5 Concepto de unidade familiar e obtención da mesma.....	11
3.2.6 Pagamento dos prezos privados	13
3.3 Ampliación de prazas de comedor escolar.....	14
3.4 Uso do comedor escolar por parte de alumnado procedente doutros centros	15
3.5 Centros con servizo de transporte escolar	16



3.6. Acceso ao servizo por parte de alumnado escolarizado en centros que non lles corresponden por zona de influencia	16
3.7 Mantemento da aplicación informática COMEDORES. Relación de usuarios do servizo e Certificación mensual de cubertos consumidos.	17
ANEXO I.....	19
ANEXO II.....	20
ANEXO III.....	22
ANEXO IV - DECLARACIÓN RESPONSABLE.....	25
ANEXO V	26
ANEXO VI MODELO DE AUTODECLARACIÓN E ESPECIFICACIÓNS.....	28
ANEXO VII – PRAZAS MÁXIMAS AUTORIZADAS	30

1. Ámbito de aplicación

Esta instrución establece as liñas xerais de organización e funcionamento, para o curso 2013-2014, dos comedores escolares de xestión indirecta dos centros docentes públicos que impartan os niveis de ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.

Para poder ser usuario do servizo, o alumnado deberá estar escolarizado no centro que lle corresponda segundo a distribución das áreas de influencia establecida por esta Administración, sen prexuízo do disposto no apartado 3.9 da presente instrución.

2. Previsións e actuacións a desenvolver antes da entrada en vigor do novo Decreto polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería que ostenta as competencias en materia de educación.

2.1 Funcións de dirección, atención e colaboración

A función de dirección do comedor escolar recaerá sempre no director/a do centro de ensino, polo que as tarefas sinaladas no artigo 11.2 da Orde de 21/02/2007 sonlles indispoñibles, requiríndose para o efecto a súa presenza no comedor.



As direccións dos centros controlarán a correcta execución dos contratos. Para estes efectos, a Secretaría Xeral Técnica remitiralles unha copia dos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, do contrato e as súas prórrogas, no seu caso, e da oferta do adxudicatario a través de correo electrónico, sempre que isto sexa posible. En todo caso, arbitraranse as medidas que sexan necesarias para por a disposición dos centros a documentación sinalada.

As direccións dos centros deberán comunicar á Secretaría Xeral Técnica, coa maior exactitude e no máis breve prazo posible, as irregularidades ou deficiencias que observen cada día na execución do servizo, indicando as circunstancias que concorran e achegando os medios probatorios de que dispoñan. As devanditas denuncias motivarán as oportunas investigacións e, no seu caso, a apertura de expedientes de incumprimentos contractuais ou de resolución contractual por parte desta Secretaría Xeral Técnica.

As tarefas de atención e colaboración incluíranse no obxecto do contrato que se subscriba. Excepcionalmente, as necesidades de atención ao alumnado usuario do comedor serán cubertas integramente polo persoal do centro que se preste voluntariamente.

Así, cando a contratación se realice mediante o procedemento negociado ou mediante un contrato menor (ver Anexo VI), a dirección do centro comunicarlle á Secretaría Xeral Técnica antes do 14 de xullo de 2013 o seu desexo de asumir os labores de atención e apoio do alumnado con persoal do centro integramente.

Acumulación de funcións

No caso excepcional de que se acumulen funcións, unicamente poderá percibirse un só complemento retributivo ou compensación económica.

Incompatibilidade.

Os empregados públicos non poderán realizar labores de colaboración na atención do comedor escolar cando deban desempeñar os seus cometidos laborais en coincidencia co horario do servizo de comedor ou con ocasión deste (por exemplo: coidadores/as de educación especial e análogos que asistan ao alumnado no comedor, etc).



2.2 Complementos e compensacións económicas vinculadas á atención do comedor escolar

O importe do complemento por servizos extraordinarios que percibirán o/a director/a e o persoal do centro o será de 9,39 €, por día de asistencia efectiva ao comedor escolar.

Os importes resultantes aboaranse mediante tres pagamentos que comprenderán os meses de setembro a decembro, xaneiro a marzo e abril a xuño, do respectivo curso escolar.

2.3 Número de prazas de comedor autorizadas

O número de prazas de comedor a ter en conta para facer a selección provisional de comensais será o autorizado para cada centro no anexo VII da presente Instrución.

Nese número máximo entenderanse incluídas as prazas de cobertura obrigatoria (director/a, e, no seu caso, persoal colaborador do centro e coidadores).

2.4. Contratación do servizo de comedor escolar no curso 2013-2014

O servizo será contratado pola Consellería mediante os procedementos legalmente establecidos. Os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas ou, no seu caso, os documentos contractuais detallarán as características esenciais do contrato (prezo, número de usuarios, número de persoal de atención ao alumnado, etc).

A tramitación correspondente seguirá as seguintes pautas:

- Contratos menores (artigos 111 e 138 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público) de comedor escolar (ver Anexo VI):

O/a director/a do centro, como presidente/a do Consello Escolar, conseguirá cantas ofertas independentes considere necesarias, e, en todo caso, un mínimo de tres, agás que xustifique de xeito motivado a imposibilidade de obtención do antedito número. (Anexo I : modelo de proposición económica).



As ofertas respectarán o orzamento máximo de licitación fixado en 4,74 € (10% IVE incluído) por menú diario.

O/a director/a do centro someterá á aprobación do Consello Escolar unha proposta de adxudicación do servizo de comedor escolar para o curso. A proposta (Anexo II) aprobada polo Consello Escolar e o resto da documentación relativa á empresa (Anexo III) trasladaráselle á Xefatura Territorial que corresponda, dende a que, previa comprobación da súa corrección e idoneidade, será elevada polo xefe territorial ao secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, xunto coa documentación empresarial, antes do 14 de xullo de 2012, para que adxudique o contrato.

O adxudicatario deberá ter constituída, antes da formalización do contrato, unha póliza de seguro de responsabilidade civil (RC) que ampare os riscos xerais de explotación da actividade no centro educativo correspondente e os riscos por intoxicación alimentaria (ou tamén RC de produtos) por un capital mínimo de 60.000 €.

Enviárase unha copia do contrato formalizado á Xefatura Territorial e ao centro correspondentes.

- Resto de contratos de comedor escolar:

Adxudicaranse polo procedemento negociado ou polo aberto mediante un sistema de lotes fixado segundo criterios territoriais, e, no seu caso, prorrogarase os susceptibles de poder selo.

A Subdirección Xeral de Xestión Orzamentaria e de Recursos Educativos Complementarios da Secretaría Xeral Técnica é a unidade administrativa encargada da tramitación dos procedementos ata a adxudicación dos correspondentes contratos

Rematado o proceso, enviarase unha copia do contrato formalizado á Xefatura Territorial e ao centro correspondente.



2.5 Selección e admisión de usuarios

Durante os meses de xuño e xullo do ano en curso os centros reunirán e ordenarán as solicitudes de comedor correspondentes ao alumnado escolarizado no curso 2013-2014, de xeito que, de existir máis solicitudes que prazas autorizadas no comedor escolar, o Consello Escolar revisará e rebaremará a totalidade das ditas solicitudes, avaliándoas como novas, de acordo coa seguinte orde de preferencia:

1. Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido.

Neste senso, enténdese que isto ocorre cando no curso 2012-2013 a admisión se produciu ao existir, unha vez aplicados os criterios de preferencia, prazas vacantes dentro do número máximo de prazas autorizadas, circunstancia que non se produce para o vindeiro curso 2013-2014, por existir aspirantes preferentes.

2. Alumnado usuario lexítimo do servizo do transporte escolar, nos termos establecidos na Instrución 3/2013 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar 2013-2014.
3. Alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, certificadas polos servizos sociais ou municipais correspondentes.
4. Alumnado membro de familias numerosas, acreditado co correspondente título ou carné expedido para o efecto.
5. Alumnado fillo de pais e nais, titores legais ou acolletores familiares, traballadores con incompatibilidade acreditada documentalmente dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía.
6. Outro alumnado do centro. Neste suposto atópanse os escolarizados fóra da área de influencia que lles corresponde.
7. Persoal docente e non docente que preste servizos no centro e non colabore nos labores de atención e apoio ao alumnado.

As listas provisionais de admitidos ao comedor escolar elaboradas polo Consello Escolar expóranse nos taboleiros de anuncios dos centros, abríndose de seguido un prazo non inferior a 5 días para presentación de alegacións.



Unha vez resoltas as mesmas polo Consello Escolar de cada centro, o antedito órgano aprobará con carácter definitivo a lista dos admitidos, que volverá a ser exposto no centro, para o efecto de que, no seu caso, se deduzan os oportunos recursos de alzada ante as Xefaturas Territoriais da Consellería.

3. Previsións e actuacións a desenvolver despois da entrada en vigor do novo Decreto polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería que ostenta as competencias en materia de educación.

3.1 Procedemento de autodeclaración dos prezos privados pola utilización do comedor escolar

Antes do 20 do mes de setembro deste ano, unha vez entrado en vigor o novo Decreto de comedores escolares, os centros farán chegar ás familias dos comensais admitidos ao comedor o modelo de autodeclaración de prezos privados coas súas especificacións anexas recollidos no Anexo VIII desta Instrución, as cales deberán entregalo nos centros cuberto en todos os seus extremos antes do 28 de dito mes. Mediante dito modelo os adultos que exerzan a patria potestade, a tutela ou o acollemento familiar de ditos alumnos autodeclararán as circunstancias de carácter persoal e de renda neta per cápita familiar correspondente ao exercicio fiscal 2012, anterior ao ano actual, e, conseguintemente, determinarán a contía do prezo privado que lles corresponde abonar, de acordo cos tramos fixados no citado Decreto.

Nestes casos, e para os únicos efectos de acceder ao servizo de comedor, a totalidade de membros que perciban ingresos na unidade familiar á que pertencen os usuarios solicitantes do servizo de comedor autorizarán expresamente á Consellería a consultar durante todo o curso escolar 2013-2014 os datos de carácter persoal, de residencia e de renda que se precisen, os cales lle serán subministrados á Administración pola Plataforma de Intermediación de Datos e pola Axencia Estatal de Administración Tributaria da Administración Xeral do Estado.



No caso de non autorizar á Administración Educativa para a comprobación telemática dos datos sinalados na autodeclaración, os solicitantes deberán acreditarlos ante o Consello Escolar mediante a presentación de documento acreditativo da declaración do IRPF ou da certificación da Axencia Tributaria de ingresos da persoa que non presentase a declaración do IRPF, correspondentes en ambos os dous casos á renda do exercicio fiscal 2012, anterior ao presente ano.

Non terán que facer autodeclaración as unidades familiares ás que pertencen os usuarios gratuítos do servizo de comedor, definidos no punto 3.2.4 desta Instrución, os cales soamente terán que presentar nos centros a documentación acreditativa das situacións que lles fan acredores á gratuidade, referida no citado punto.

Os centros cargarán na aplicación COMEDORES os datos contidos nas autodeclaracións e na documentación acreditativa recibidas, e reenviarán de xeito inmediato e paulatino ás Xefaturas Territoriais que corresponda en cada caso os impresos de autodeclaración, a fin de que nelas se proceda, no seu caso, ás comprobacións telemáticas ás que houbera lugar.

A Consellería, de conformidade co procedemento e consecuencias previstas na normativa tributaria aplicable, de seren erróneos os datos de renda autodeclarados, xirará liquidacións aos obrigados ao pagamento de prezos privados, nas que se efectuarán correccións dos importes a abonar.

A fin de poder levar a cabo as actuacións descritas, a Consellería poderá facer as comprobacións de renda que resulten necesarias.

Estas comprobacións suporán, ademais da fixación de novos importes nos prezos privados en adiante, a execución de actuacións de compensación ou reclamación de débedas.

Así mesmo, a Consellería poderá durante o curso escolar axustar os importes dos prezos privados fixados, de acordo coas novas situacións das rendas familiares netas per cápita, derivadas da diminución de ingresos que supoña o cambio do tramo de rendas autodeclarado previamente, como consecuencia da acreditación de situacións de paro, de duración superior a 6 meses, de calquera membro da unidade familiar.



3.2 Estrutura e características dos prezos privados de comedor escolar

3.2.1 Suxeitos obrigados ao pagamento dos prezos privados

Estarán obrigados ao pagamento de prezos privados pola prestación do servizo de comedor:

- a) Os pais, nais, titores legais, en nome e por conta do alumnado usuario, agás que teñan dereito á gratuidade total do servizo de comedor.
- b) As restantes persoas usuarias do comedor escolar segundo o que sinale, unha entre en vigor, o novo Decreto polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería que ostenta as competencias en materia de educación, agás que teñan dereito á gratuidade total do servizo de comedor.

3.2.2 Contía dos prezos privados

O uso do servizo, de conformidade co que dispoña, una vez entre en vigor, o novo Decreto de comedores escolares, dará lugar ao aboamento dos seguintes prezos privados por parte dos suxeitos obrigados:

- a) 1 € por día de uso do servizo para os alumnos cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nas condicións sinaladas no punto 3.2.3 desta Instrución.
- b) 2,50 € por día de servizo de comedor para aqueles alumnos cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nos supostos recollidos no no punto 3.2.3 desta Instrución.
- c) 4,50 € por día de servizo de comedor para aqueles alumnos cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nos seguintes parámetros:

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €

- d) 4,50 € por día de utilización do servizo de comedor para o persoal docente ou non docente destinado no centro escolar, auxiliares de conversa e alumnos en prácticas de



ensinanzas de maxisterio ou grado equivalente, que sen ter responsabilidades na organización dos comedores escolares nin no coidado dos alumnos comensais, faga uso do comedor escolar.

3.2.3. Bonificacións dos prezos privados

Nos termos previstos, unha vez entre en vigor, o novo Decreto de comedores escolares, co obxecto de facilitar ao alumnado con dereito o acceso a este servizo, a Consellería asumirá, total ou parcialmente, o custo do mesmo nos seguintes supostos:

a) Serán beneficiarios de bonificación para comedor, agás na contía de 1 € a abonar por día de servizo, os alumnos cuxa renda familiar neta anual per cápita se atope nas seguintes condicións:

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con tres ou máis menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €

b) Serán beneficiarios da bonificación para comedor, agás na contía de 2,50 € a abonar por día de servizo, os alumnos cuxa renda familiar neta anual per cápita se atope nas seguintes condicións:

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €



3.2.4. Usuarios gratuítos do servizo

Nas condicións descritas, unha vez entre en vigor, polo novo Decreto de comedores escolares, serán usuarios gratuítos os seguintes:

-Os alumnos pertencentes a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes.

-Os alumnos que se atopen en situación de acollemento residencial ou familiar.

-Os alumnos cun grado de discapacidade declarado igual ou superior ao 33%.

-Os alumnos pertencentes a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero acreditada documentalmente.

-Os alumnos pertencentes a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000 €.

-O persoal de cociña durante os días de desempeño efectivo do seu traballo

-Os coidadores, educadores e auxiliares de enfermería que, durante o xantar e os períodos de tempo anterior e posterior ao mesmo, atendan aos alumnos de educación especial, no tempo de desempeño efectivo do seu traballo no comedor escolar.

-O persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia destinado nos centros de ensino con responsabilidades na organización dos comedores escolares ou no coidado dos alumnos comensais, durante os días de asistencia efectiva ao comedor.

Nos casos nos que tal labor se realice de xeito descontinuo e existan prazas vacantes dentro do máximo das autorizadas no comedor, o persoal do centro, estando as necesidades de colaboración cubertas, deberá aboar o prezo do servizo cando non colabore no comedor,

-Os pais, nais, titores legais e acolledores familiares de alumnos matriculados en ensinanza básica e segundo ciclo de educación infantil que colaboren na atención dos alumnos comensais exclusivamente durante os días concretos en que se desenvolva a súa colaboración efectiva.

3.2.5 Concepto de unidade familiar e obtención da mesma

Para os efectos do novo Decreto de comedores escolares, a partires da súa entrada en vigor, o concepto de unidade familiar é o definido na normativa do imposto da renda das persoas físicas.



A renda neta per cápita familiar obterase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da renda do exercicio 2012:

1. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro, excluíndose os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais correspondentes aos exercicios anteriores.

2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Segundo isto, a renda familiar para os efectos da autodeclaración é o resultado da facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF:

$\text{casiña 450} + \text{casiña 452} - \text{casiña 454} + \text{casiña 457} + \text{casiña 460} - \text{casiña 461} - \text{casiña 741}$

Tamén podería calcularse mediante a seguinte operación:

$\text{casiña 455} + \text{casiña 451} + \text{casiña 453} + \text{casiña 465} + \text{casiña 458} - \text{casiña 741}$

O resultado obtido por calquera das dúas operacións dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar. O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do IRPF.

Se solicitado o borrador á AEAT esta unicamente comunica os datos fiscais, e polo tanto non o remite, para determinar a renda dos membros computables que obteñan ingresos propios seguirase o procedemento descrito no punto primeiro e do resultado obtido restaranse os pagamentos á conta efectuados.

Aclaracións para determinar correctamente a renda anual familiar

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar. Nesta operación poden presentarse varias situacións:

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e teñen a obriga de presentar a declaración anual do IRPF. Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente -que é o habitual- ou ben, da declaración conxunta.

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración. Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis o importe que resulte, para o outro integrante da unidade familiar, dos datos do borrador do IRPF.



- Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non teñan obriga de presentar declaración da renda ou ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes non perciban renda ningunha suxeita a tributación no IRPF. Neste supostos, os interesados deberán consignar os datos do borrador do IRPF.

3.2.6 Pagamento dos prezos privados

A Consellería aboaralle o servizo de comedor á entidade mercantil que o preste, sen prexuízo de que tales aboamentos se vexan completados coas cantidades que deberán aboar en concepto de prezos privados os usuarios que non sexan beneficiarios da gratuidade total ou parcial do servizo. O pagamento destes prezos privados producirase mensualmente.

O importe que os usuarios deberán aboar resultará de multiplicar os prezos correspondentes polo número efectivo de días de uso do comedor cada mes. Os usuarios deberán comunicarlle aos centros de ensino os días que non vaian facer uso do comedor cunha antelación mínima dun día.

O ingreso mensual dos importes que corresponda pagar a cada usuario poderase efectuar na conta corrente que para o efecto indique a entidade mercantil adxudicataria do contrato de comedor.

Falta de aboamento.

A falta de pagamento do servizo dará lugar á imposibilidade de continuar utilizándoo.

Estes ingresos forman parte para o empresario do prezo do contrato e son irrenunciabes. Neste sentido, lémbrese que entre as funcións que lle atribúe o artigo 11.2 da Orde de 21/02/2007 a persoa que ostenta a dirección do centro está a de *“verificar o cobramento das cantidades correspondentes do servizo de comedor aos usuarios de”*.

Concretando, unha vez elaboradas as listas de comensais admitidos, os centros cargaranas, xunto coas características dos usuarios sinaladas nas súas autodeclaracións na aplicación COMEDORES. Durante os meses seguintes, os centros irán confirmando



os días de asistencia ao comedor, así como cada cambio ou incidencia (altas ou baixas como usuarios, cambios de centro, enfermidades, etc.) que se produza en relación cos comensais.

Para facilitar o seu labor, os adxudicatarios dos contratos elaborarán, nos 10 primeiros días de cada mes, un listado dos pagamentos efectuados por todos os usuarios, que remitirán aos centros para que estes identifiquen aos usuarios que non se atopan ao día nos seus pagamentos e procedan en consecuencia.

As direccións dos centros deberán verificar que os usuarios xustifiquen os pagamentos, toda vez que a falta de abono do importe do servizo por parte dos usuarios será causa de perda da praza de comedor por acordo do Consello Escolar do centro.

Os incumprimentos no pagamento dos prezos de cada mes impedirán a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos, para a cal contarase cun prazo máximo de 2 meses.

Os usuarios do comedor que non estean ao corrente das súas obrigas de pagamento do curso pasado, isto é que teñan pendente de abono calquera cantidade por ter utilizado o servizo no centro no que cursaba estudos, non poderán figurar nas listas provisionais de usuarios admitidos ao comedor. Non obstante, e sempre que houbera lugar a iso, poderán adquirir a condición de usuarios do comedor, cando acrediten, antes da publicación dos listados definitivos de admitidos, o pagamento das cantidades adebedadas.

3.3 Ampliación de prazas de comedor escolar

Unha vez aprobadas as listas definitivas de comensais, os centros poderán cursar á Secretaría Xeral Técnica da Consellería as solicitudes de ampliación do número máximo de prazas autorizadas ao remate do curso 2012-2013, en función do número de solicitudes provenientes das listas de espera confeccionadas, das escolarizacións tardías e da resolución favorable de recursos de alzada.

En todo caso, darase prioridade aos incrementos de prazas derivados das seguintes circunstancias:



- ◆ Da incorporación ao centro de escolares usuarios lexítimos e continuos do transporte (domicilio a máis de 2 km do centro escolar e utilización en días fixos das semanas do calendario escolar), que non conten con servizo de transporte de mediodía.

Da declaración de escolares en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes.

- ◆ Da declaración de escolares con discapacidade igual ou superior ao 33%, e pertencentes a unidades familiares en situación socioeconómica de exclusión social acreditadas.

- ◆ Da escolarización no centro de novo alumnado, usuario lexítimo e continuado do transporte, que careza de transporte ao mediodía, como consecuencia do aumento ou introdución de unidades ou grados educativos, da fusión e supresión de centros de ensino e de derivacións das comisións de escolarización relativas a centros saturados.

De darse as citadas circunstancias, á vista das dispoñibilidades orzamentarias e os límites e trámites impostos polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público para a modificación dos contratos administrativos (10% do prezo da adxudicación do contrato), a Secretaría Xeral Técnica autorizará ou denegará a ampliación

Os usuarios para os que se solicita a ampliación non poderán incorporarse ao comedor ata que o autorice a Secretaría Xeral Técnica e así lle sexa comunicado á dirección do centro.

3.4 Uso do comedor escolar por parte de alumnado procedente doutros centros

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería, sempre que existan instalacións axeitadas e as condicións e limitacións dos contratos subscritos o permitan, poderá autorizar que alumnos/as dun centro escolar accedan a un comedor que funcione noutro centro distinto.

Naqueles supostos nos que os contratos non inclúan tarefas de vixilancia, a autorización condicionarase tamén a que o centro que non conta con comedor achegue o número de colaboradores que corresponda a ese novo alumnado, de acordo coa ratio establecida



no artigo 8.5.f) da Orde de 21/02/2007. Estes colaboradores deberán ter a condición de persoal do citado centro e, en todo caso, polo menos un deles deberá ser membro do equipo directivo do centro de orixe, que será quen exerza, as facultades de garda, control e disciplina.

Para o suposto de que os contratos inclúan as tarefas de vixilancia, un membro do equipo directivo do centro de orixe deberá acompañar ao seu alumnado co fin de exercer as facultades de garda, control e disciplina.

3.5 Centros con servizo de transporte escolar

A admisión de novo alumnado ao comedor non suporá a modificación automática da súa situación respecto do uso do transporte escolar. Esta só se producirá se concorren os requisitos que establece a súa normativa específica, sinaladamente o Decreto 203/1986, do 12 de xuño (DOG nº 132, do 9 de xullo), interpretados na Instrución 3/2013 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 14 de xuño, sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar 2013-2014.

3.6. Acceso ao servizo por parte de alumnado escolarizado en centros que non lles corresponden por zona de influencia

O alumnado escolarizado en centro distinto ao que lle corresponda segundo a distribución das áreas de influencia establecidas polos titulares das Xefaturas Territoriais da Consellería, como consecuencia de decisións de índole familiar ou persoal, non terá dereito ao comedor escolar.

